

# Compostela medieval

do 26 de outubro ao 13 de novembro de 2009

## Actividade didáctica dirixida ao alumnado de 3º ciclo de Educación Primaria

**Lugar:** Cidade Histórica de Santiago de Compostela

**Duración:** 2,30 horas

**Máximo de persoas por grupo e monitor/a:** 25 (cabe a posibilidade de organizar dous grupos simultaneamente)

**Material didáctico:** Guía para o profesorado, caderno para o alumnado e disfraces

**Inscripción:** Cubrir a ficha adxunta e enviar por fax ao número 981542438 ou por correo electrónico a [ccidadehistorica@santiagodecompostela.org](mailto:ccidadehistorica@santiagodecompostela.org) (a ficha tamén se pode solicitar por *e-mail*)

**Máis información nos telfs. 881972520 e 685860772 ou dirixíndose a [ccidadehistorica@santiagodecompostela.org](mailto:ccidadehistorica@santiagodecompostela.org)**

No s. XII Santiago de Compostela acada a súa madurez social, económica, institucional e cultural da man dun poderoso episcopado e dunha rebelde burguesía. Considérase a máis antiga das cidades medievais de Galicia, mesmo de Europa, e foi durante moitos séculos o noso centro urbano máis representativo e influente, destino de peregrinos, comerciantes e artesáns das máis diversas procedencias.

O obxectivo principal desta proposta é achegar aos nenos e nenas un dos períodos máis destacados da historia da nosa cidade e fornecerlles ferramentas didácticas renovadas e complementarias aos centros educativos.

### ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE

**Visita guiada e participativa pola cidade histórica.** Durante o percorrido descubriremos como era a cidade e como vivían os seus habitantes na Idade Media. A descuberta farase a partir das numerosas pegadas históricas: restos da muralla, edificios, espazos públicos, toponimia... Un dos recursos didácticos consistirá na escenificación de personaxes e situacións históricas que os propios rapaces e rapazas interpretarán.

**Traballo e investigación co caderno didáctico.** Rematado o percorrido, os nenos e nenas, por grupos de 4 ou 5, completarán un caderno para asentar os coñecementos adquiridos. Unha vez finalizado, o caderno servirá como guía da cidade medieval e como ferramenta para traballar posteriormente na aula.

### MATERIAL DIDÁCTICO

**Guía do profesorado.** Mediante este material o persoal docente coñecerá con máis detalle a actividade. Ademais ofrece propostas para traballar na aula.

**Caderno didáctico.** Trátase dun recurso que convida aos nenos e nenas a empregar a súa capacidade dedutiva, a coñecer os métodos de investigación histórica e a diversidade das súas fontes. A súa pescuda quedará recollida no caderno.

**Outros materiais.** Os disfraces, as reproducións de documentos medievais e os planos históricos serán as ferramentas dinamizadoras do percorrido guiado.